



ACTA DE APERTURA DOS SOBRES C, DENOMINADOS “OFERTA ECONÓMICA”, PRESENTADOS POLOS LICITADORES PARTICIPANTES NO PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN URXENTE, CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN O FACTOR PREZO, CONVOCADO POLO CONCELLO DE NOIA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE EXECUCIÓN DA OBRA “CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL”.

Na Alcaldía do Concello de Noia, sendo as dez horas do día vinte e seis de agosto de dous mil once, constitúese a Mesa de Contratación, integrada polo Alcalde, don Rafael García Guerrero, como Presidente, dona Alba Vázquez de la Serna como secretaria accidental, dona María López Docampo, interventora municipal, don José Ventura Fernández Sarasquete, arquitecto técnico redactor do proxecto, como vogais, e como secretario don José Manuel Rodríguez Anido, co fin de proceder á análise das proposicións presentadas trala apertura dos sobres “C” na sesión celebrada o vinte e dous de agosto de dous mil once, que conteñen a “oferta económica”, presentados polos licitadores participantes no procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo), e tramitación urxente para adxudicación do contrato da obra “Campo de fútbol de herba artificial”, incluída no Convenio de Colaboración asinado entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Noia o nove de marzo de 2011, cun orzamento de execución por contrata de 348.706,99 €, convocado por Resolución do Alcalde número 1302/2011, do 16 de maio, expediente número 12/11-OB-PA, feito público mediante anuncio de licitación no xornal “El Correo Gallego” o martes 17 de maio do 2011, no perfil do contratante do Concello de Noia (www.noia.es) o 16 de maio e o 19 de maio de 2011, e no Boletín Oficial da Provincia, o 23 de maio de 2011.

Tralo acto de apertura realizado pola Mesa de Contratación na sesión celebrada o día vinte e dous de agosto de dous mil once, dos sobres “C” correspondente ás proposicións económicas, daquelas empresas que foron admitidas no proceso de licitación, procédese a clasificar por orde decrecente cada oferta económica proposta (IVE incluído) esto é:

EMPRESAS ADMITIDAS	PROPOSICIÓN ECONÓMICA (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSE ANTONIO SLU.	260.763,09 €
JARDINERÍA ARCE SL.	262.576,36 €
OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL.	270.420,00 €
CALFENSA MEDIOAMBIENTE.	272.785,24 €
INDEPO.	277.082,57 €
ALVAC	283.200,00 €
EULEN SA.	289.130,53 €
PROYECTA ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCIÓN SL	294.622,54 €
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL	306.269,35 €
AGRA CASTRO SL	312.000,00 €
CONSLAR INGENIERIA Y CONSTRUCCION.	331.271,64 €

Á vista das proposicións presentadas no sobre “C” tralo acto de apertura, toma a palabra a Interventora Municipal para dar conta á Mesa de Contratación de que realizados os cálculos oportunos, de conformidade co disposto no apartado 15.3.2 dos pregos de cláusulas administrativas, despréndese que a empresa coa proposición económica máis vantaxosa (CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSE ANTONIO SLU.) podería incurrir en baixa desproporcionada ou temeraria, consonte o disposto no apartado 15.3 dos pregos e artigo 136 da Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público, considerando que segundo o apartado 9 dos pregos de cláusulas administrativas que rexen a presente licitación, o único criterio de valoración establecido é do factor prezo.

Considerando que o artigo 136.3 da Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público, establece que (en castelán): “*Cuando se identifique una proposición que pueda ser considerada desproporcionada o anormal, deberá darse audiencia al licitador que la haya presentado para que justifique la valoración de la oferta y precise las condiciones de la misma, en particular en lo que se refiere al ahorro que permita el procedimiento de ejecución del contrato, las soluciones técnicas adoptadas y las condiciones excepcionalmente favorables de que disponga para ejecutar la prestación, la originalidad de las prestaciones propuestas, el respeto de las disposiciones relativas a la protección del empleo y las condiciones de trabajo vigentes en el lugar en que se vaya a realizar la prestación, o la posible obtención de una ayuda de Estado.*”

Considerando que o apartado 15.3.1 dos pregos de cláusulas administrativas establece que “cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidas nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4 da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase para informe dos servizos técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.”






Á vista do exposto a Mesa de Contratación, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

Primeiro.- Clasificar por orde decrecente as proposicións económicas presentadas por cada un dos licitadores admitidos:

EMPRESAS ADMITIDAS	PROPOSICIÓN ECONÓMICA (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSE ANTONIO SLU.	260.763,09 €
JARDINERÍA ARCE SL.	262.576,36 €
OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL.	270.420,00 €
CALFENSA MEDIOAMBIENTE.	272.785,24 €
INDEPO.	277.082,57 €
ALVAC	283.200,00 €
EULEN SA.	289.130,53 €
PROYECTA ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCIÓN SL	294.622,54 €
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL	306.269,35 €
AGRA CASTRO SL	312.000,00 €
CONSLAR INGENIERIA Y CONSTRUCCION.	331.271,64 €

Segundo.- Requerir á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSE ANTONIO SLU, para que no prazo de cinco días xustifique a oferta económica presentada, segundo o disposto no apartado 15.3.1, en relación ó disposto no artigo 136 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, ó presumir a Mesa de Contratación que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de incurrir en baixa desproporcionada ou anormal.

E sendo as dez horas e vinte minutos, do día antes mencionado, dáse por rematado o acto, asinando os que interveñen, do que, como secretario dou fe.

Presidente. 	Vogal. 	Vogal. 
Asdo. Rafael García Guerrero.	Asdo. Alba Vázquez de la Serna	Asdo. María López Docampo.
Vogal. 	Secretario. 	
Asdo. José Ventura Fernández Sarasquete	Asdo. José Manuel Rodríguez Anido	